

# BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA AXUDAS PARA AS COMISIÓNS DE FESTAS NO ANO 2025.

O Concello de Gondomar, a través da súa concellería de Cultura, ten entre outros fins promover e impulsar a nosa cultura popular galega, nas súas múltiples expresións artísticas, e non hai maior reflexo das nosas tradicións que as comisións de festas patronais..

Proba diso, é que dende o ano 2015, o Concello de Gondomar facilita una axuda anual a todas as comisión de festas legalmente constituídas fora das subvencións de concorrencia que se convocan cada ano.

No marco desta iniciativa, o Concello de Gondomar concedeu no último ano 2024, máis dunha vintena de carpas, e nos últimos nove anos máis de duascentas.

Coa presente convocatoria, o Concello de Gondomar quere seguir reforzando o seu compromiso coas comisións de festas que ano tras ano levan a cabo con moito esforzo a celebración das súas festas patronais nas diferentes parroquias e barrios da nosa vila.

## 1. OBXECTO

As presentes bases establécense coa finalidade de regular o proceso de solicitude de carpas para a celebración das festas patronais de 2025 das comisión de festas do Concello de Gondomar, garantindo a igualdade de trato entre todos os solicitantes, os que deberán aceptalas integramente unha vez presentada a solicitude.

## 2. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O Concello de Gondomar destinará 18.000€ á concesión de carpas para as comisións de festas legalmente constituídas.

## 3. RÉXIME XURÍDICO

O procedemento establecido para a concesión dunha carpa para cada comisión de festas do Concello de Gondomar que conste e este legalmente constituída é de **concorrencia non competitiva**, ata o esgotamento do crédito, entre todas as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, respectando os criterios de equilibrio territorial.



As solicitudes resolveráanse atendendo á súa prelación temporal ata o esgotamento do crédito.

#### 4. ENTIDADES DESTINATARIAS

Poderán ser entidades beneficiarias, as comisión de festas do Concello de Gondomar legalmente constituídas e que vaian a realizar as súas festas patronais no ano 2025.

Todos os requisitos esixidos nestas bases, deberán acreditarse na data de presentación da solicitude e manterse durante todo o período de duración da comisión de festas.

#### 5. ACTUACIÓNS SUBVENCINABLES

A través destas bases reguladoras, as comisión de festas do Concello de Gondomar, poderán solicitar **unha carpa por comisión** das medidas establecidas por esta administración (10m de ancho x15m de longo) encaixada dentro da programación da celebración das súas festas patronais,(previa autorización municipal) que deberán ir dirixidas ao público en xeral, de entrada libre e de balde.

As comisión de festas, como organizadoras do evento, deberán declarar responsablemente que contan coa autorización municipal para a celebración do evento na data na que solicitan a carpa e que coñecen e cumpren as condición e obrigas destas bases.

Por outra banda, as comisión de festas que durante o seu período de vixencia para a celebración das súas festas patronais 2025 non precisen de carpa, poderán optar a unha axuda económica de 500€ (máis iva) para costear una actuación musical reflexada no seu programa da festa. Esta axuda económica tamén irá vinculada ao esgotamento do crédito e procederase da mesma maneira que a solicitude da carpa.

#### 6. OBRIGAS DAS COMISSIONS DE FESTAS BENEFICIARIAS

As comisión de festas ás que se lle autorice a cesión da carpa están obrigadas a:

- Levar a cabo a actividade obxecto da solicitude e notificar os cambios que se puideran producir ou comunicar a non realización da actividade con 10 días de antelación.
- Indicar a localización exacta onde se vai instalar a carpa e facilitar un teléfono de contacto para coordinar a montaxe.
- Facer publicidade das actividades a realizar en lingua galega, e non incluír na cartelería nin empregar linguaxe sexista ou actividades que inciten ao odio ou a violencia.



- Incluir en todas as accións promocionais e en todos os materiais de difusión (folletos, carteis, cuñas de radio, prensa, medios locais, redes sociais, etc....) o logotipo do Concello de Gondomar seguindo as súas respectivas normativas de identidade corporativa que poden atopar na páxina web municipal [www.concellodegondomar.gal](http://www.concellodegondomar.gal)
- Conservar un exemplar de cada material divulgativo e achegalo no momento da solicitude.
- Cumprir coas medidas establecidas de publicidade municipal na cartelería da festa.
- Que o logotipo do Concello de Gondomar sexa visible durante a celebración do evento.
- Facilitar a colocación de dúas lonas promocionais que facilitará o Concello de Gondomar que deberán estar visibles durante a celebración do evento.
- Obter todas as autorización e permisos necesarios para a celebración do evento para o que se solicita a carpa.
- Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente en cada momento.
- Facer a solicitude nos prazos establecidos.
- As comisión de festas participantes comprométese a cumprir cada un dos requisitos reflexados nestas bases.

## **7. PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E NOTIFICACIÓNS**

As solicitudes presentaranse mediante o rexistro xeral, a través do formulario de instancia xeral, dispoñible na sede electrónica do Concello de Gondomar.

Deberá ser presentada cunha antelación mínima de 30 días naturais con respecto á data da celebración do evento e contar con todos os permisos municipais.

As resolución de concesión de carpa ou o desestimación da mesma, de ser o caso, notificarase só por medios electrónicos a nome da persoa solicitante.

## **8. DOCUMENTACIÓN**

As comisión de festas interesadas, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación necesaria:

- Cartel publicitario en galego do evento e en formato JPG , PNG ou PDF, no que deberá figurar: o nome da festa patronal a realizar, evento que realiza, data e lugar do evento e incluír o logo do Concello de Gondomar seguindo as directrices de



publicidade corporativa para a elaboración de carteis. Sendo o deseño establecido par tal fin o denominado “Banner horizontal cartelería”, dispoñible na web municipal: [www.concellodegondomar.gal](http://www.concellodegondomar.gal) ( O Concello/ Información/ Identidade Corporativa) .

## 9. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

O Concello de Gondomar terá en conta os seguintes criterios:

- Non se resolverá a solicitude ata que a festa conte con todas as autorizacións.
- Una vez concedida a carpa, deberá o presidente/ta asinar o convenio de colaboración no Concello de Gondomar cando sexa citado.
- A concesión de carpa **só é para comisión de festas** legalmente constituídas do Concello de Gondomar.
- Una comisión de festas **só poderá optar a una axuda** durante o periodo de vixencia da mesma e do ano 2025.
- **Só se autoriza una carpa por comisión de festas.**
- Una vez autorizada a carpa, será o presidente/ta da comisión de festas ou en quen delegue a persoa de contacto para coordinar a montaxe da mesma.
- As carpas que concede o Concello de Gondomar, son estruturas pechadas polos catro costados e con suxeición de contrapeso. Será responsabilidade do presidente/ta non aceptar estes medios de suxeición e dos danos que poida causar no terreo, que de ser de titularidade municipal, deberá correr cos gastos de arranxo dos danos que puidera ocasionar de ser o caso.
- A concesión destas axudas queda suxeita á dispoñibilidade orzamentaria.
- Sobre este procedemento administrativo, poderase obter información na paxina web municipal [www.concellodegondomar.gal](http://www.concellodegondomar.gal) ou no enderezo electrónico [oficinadeturismo@concellodegondomar.gal](mailto:oficinadeturismo@concellodegondomar.gal)
- A vixencia destas bases iníciase ao día seguinte da publicación das mesmas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica, sendo de aplicación para todo o ano 2025.

